A Historia da Literatura Galega 15

Xeración Nós. Prosa



La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- Un proxecto editorial de Era Publicaciones, S.L.
- Coordinador xeral: José Antonio Ponte Far

Textos: M.ª Luz Ínsua Ramil, M.ª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
M.ª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
M.ª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Victoria García-Lastra, Rebeca Zapata, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez e Nieves G. Centeno.
Fotografía: Octo Gráfica

Agradecementos: Arquivo do Reino de Galicia, Fundación Vicente Risco, Fundación Otero Pedrayo, Colección Caixanova, Arquivo Galaxia e Real Academia Galega


Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1605-2010
ISBN: 978-84-96561-38-0

A Historia da
Literatura Galega 15

Xeración Nós. Prosa

La Voz de Galicia

ÍNDICE



Portada de *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, de Castelao, quen foi un dos alicerces da Xeración Nós

INTRODUCIÓN 1

Convén dicir antes de nada que os escritores deste grupo ou xeración teñen un empeño común: a modernización da prosa galega. Coñecedores doutras literaturas europeas, saben que a prosa decimonónica está superada. Hai que introducir novas técnicas na narración, desde a incorporación do lector implícito á configuración subxectiva do relato, ata un novo tratamento do tempo e do espazo narrativo.

A mestura equilibrada de enxebrismo e cosmopolitismo, do autóctono co universal, trae un aire




Monumento a Losada Diéguez en Boborás

dinámico e modernizador á prosa galega, que se afasta con claridade da decimonónica e que gaña en autoestima e valor. Neste sentido, a obra de Otero Pedrayo, Vicente Risco, López Cuevillas, Castelao, Losada Diéguez e moitos outros, todos eles herdeiros do espírito culturalista e reformador das Irmandades da Fala, resultou importantísima.

Preocupados tamén por ampliar as dimensións literarias dunha lingua ata ese momento máis apta para a poesía que para a prosa, as súas inquietudes levarán a un uso máis rigoroso e científico da mesma. A este respecto, hai que citar un artigo de Losada Diéguez, *Encol da prosa galega*, no que promove a necesidade de explorar novas posibilidades do léxico autónomo, enriquecendo o seu campo de significado.

En resumo, estamos nunha época que se pode considerar como a segunda restauración das letras galegas, que tivo, ademais, a necesaria axuda dun soporte editorial nunca visto en Galicia, que canalizará adecuadamente a gran cantidade de publicacións que ven a luz nestes anos. Antón Vilar Ponte tiña o obxectivo de crear unha gran casa editora para toda a literatura galega. E cun propósito parecido fúndase en Ferrol a editorial Céltiga (marzo de 1922), dirixida por Xaime Quintanilla (que logo sería alcalde republicano da cidade e foi fusilado polos nacionais ao comezo da Guerra Civil); na Coruña, a editorial Lar (novembro de 1924), fundada

Ánxel Casal foi xerente da revista *Nós* e fundador da editorial do mesmo nome



NÓS

BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

A

Asociación de Escritores de Galicia
rende conmovido
Homenaxe
A
D. ANXEL CASAL GOSENXE

xerente desta revista, fundador da Editorial NÓS; editor patriota, intelixente e xeneroso, que botóu nas oito enfiadas dos ventos, co novo renacemento das nosas letras, as óptimas sementes do rexurdir da Patria.

GONZALO LÓPEZ ABENTE | ALVARO DAS CASAS

A editorial Céltiga publicaba unha revista quincenal homónima sobre arte e literatura

¡¡APARECERA EN ENERO!!

CALENDARIO GALLEGO

PARA 1931 — Edición CELTIGA

Contendrá las siguientes secciones especiales:

El año intelectual y artístico — El año Económico — El año deportivo — Colaboraciones inéditas especiales — Profusión de grabados y fotografías

Los tomos del "Calendario Gallego" de CELTIGA, el que anunciamos es el quinto, constituyen el más amplio resumen de la vida de Galicia, en todas sus manifestaciones y aspectos más interesantes.

Precio del ejemplar | Para el público . . . . . $ 1.50
Para nuestros suscriptores. . . „ 1.—

HAGA RESERVAR USTED SU EJEMPLAR

por Leandro Carré Alvarellos e posteriormente, Nós, posta en marcha por Leandro Carré e Ánxel Casal.

Outra achega notable deste grupo de escritores á literatura do momento é a do humor; un humor intelixente, relativizador, que trae frescura e intelixencia a unha prosa formalmente impecable. Pódese afirmar que a prosa galega moderna nace nesta etapa que vai, aproximadamente, desde 1914 ata 1936.

E antes de falar dos grandes mestres da Época Nós, convén apuntar un grupo de escritores e animadores culturais que, dous lustros antes, preparan o camiño aos que virían despois.

ANTÓN VILAR PONTE (1881-1936)

Foi farmacéutico de profesión, con estudos realizados en Santiago. Estableceuse en Foz, viviu un tempo en Madrid e na Habana, traballando como xornalista, e regresou á Coruña, onde promoveu a creación das Irmandades da Fala e dirixiu o semanario creado por el, *A Nosa Terra*. A súa produción literaria máis importante pertence ao terreo do xornalismo, combinando textos de propaganda nacionalista con artigos de gran valor literario.



Xoán Vicente Viqueira cultivou a poesía, o ensaio e o xornalismo

XOÁN VICENTE VIQUEIRA (1886-1924)

Vicente Viqueira era catedrático de instituto, de sólida formación humanística e alternaba a lingua castelá (na que escribiu rigorosos tratados de filosofía e psicoloxía) e a galega, na

que desenvolveu unha considerable produción de artigos xornalísticos e ensaísticos. Tamén cultivou a poesía.



Vilar Ponte, Vicente Viqueira e Carré Alvarellos serían os precursores de escritores da Época Nós como o propio Castelao. Arquivo Galaxia

Leandro Carré Alvarellos (1885-1967)

Era fillo de Uxío Carré Aldao, membro da Cova Céltica coruñesa, e irmán de Lois e Uxío, tamén afeccionados ás letras e amantes da lingua galega. Carré Alvarellos dedicouse a estudar e divulgar a lingua galega non só con iniciativas editoriais e xornalísticas, como xa vimos, senón tamén escribindo e publicando catro novelas de calidade diferente: *Naiciña*, *A propia vida*, *O home que deu a vida a un morto*, *O xornal de Mavi*.

O mundo editorial galego nos inicios do século XX

→ Os anos comprendidos entre finais do século XIX e comezos do XX supuxeron unha época de grande efervescencia cultural, política e literaria en Galicia. Xa no 1876, Valentín Lamas Carvajal edita a primeira cabeceira de prensa publicada integramente no noso idioma. Dirixido ás clases populares, entre as que pronto encontra un grande éxito, o semanario ourensano *OTío Marcos da Portela* logrou unha tirada de 4.000 exemplares. Nel publicaron poemas e relatos moitos dos grandes escritores do momento.

O labor da editorial Céltiga supuxo un paso adiante na afirmación do galego como lingua de tradución literaria. En 1910 Antón de Olmet e Prudencio Canitrot fundaron a colección *Biblioteca de Escritores Galegos*, onde viron a luz obras de Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán e Sofía Casanova, entre outros destacados escritores. Por outra banda, nacen en 1916 as Irmandades da Fala e o xornal *A Nosa Terra*. Estes movementos galeguistas fomentaron a actividade editorial



Placa conmemorativa da editorial Nós que se atopa na rúa Real da Coruña

nas principais cidades galegas: ademais de *Céltiga* en Ferrol, *Lar* na A Coruña e Alborada en Pontevedra, no 1927, Ánxel Casal pasa a fundar a editorial Nós, cuxas iniciativas servirán para consolidar a novela longa.

Destacado foi o labor editorial de Eugenio Carré Aldao, imprimindo numerosas obras de autores galegos. Editou, ademais, a *Revista Galega* e o *Boletín Bibliográfico*. En 1924 nace en Bos Aires a editorial Céltiga, que publicará a revista quincenal homónima *Revista Galega de Arte, Crítica, Literatura e Actualidades*, que actuou de ponte entre América e Galicia. A publicación durará ata 1932, editándose un total de 189 números. Así mesmo, con este selo aparece a Biblioteca Céltiga, onde

atopamos obras de Ramón Cabanillas, Castelao, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Amado Carballo, Antón Vilar Ponte e Eduardo Blanco Amor. Outras revistas como *Terra* ou *Airiños* xorden neste movemento cultural bonaerense.

De toda esta actividade cultural dan tamén conta na emigración institucións como o Centro Galego e a Biblioteca Galega de Bos Aires, ou a Federación de Asociacións Galegas. Neste período nace un abundante número de cabeceiras creadas polos galegos na diáspora, tanto na Habana como en Bos Aires e outras capitais iberoamericanas, como *La Resurrección de Galicia, La Ilustración Gallega e Asturiana, El Gallego, Todo por España e para Galicia* (Bos Aires, 1879); *O Avisador Galaico, Airiños da miña Terra* (Cuba, 1878). Xorden máis nomes, como a revista *Mondariz*, publicada entre 1915 e 1922, e dirixida por Ramón Cabanillas, ou a revista *Nós*, que se comeza a publicar en 1920 en Ourense, que dá nome a unha xeración cultural e da que forman parte Castelao, Cuevillas, Risco ou Otero Pedrayo.




Retrato de Vicente Risco pertencente á fundación que leva o seu nome

Vicente Martínez Risco 2

Tivo o seu recoñecemento oficial coa dedicación do Día das Letras Galegas do ano 1981.

Vicente Risco (Ourense, 1884-1963) é un dos homes que máis influencia tiveron na literatura e cultura galegas dese momento. Desde a súa incorporación ao movemento nacionalista, traballará con grande entusiasmo en varios campos da cultura, especialmente no da etnoloxía, e converterase no gran teorizador político cos seus traballos, primeiro na revista *La Centuria* (1917-1918) e despois en *Nós*, como o demostran os seus ensaios *Teoría do nacionalismo galego* (1920) ou *O problema político de Galicia* (1930). Estamos, claro, na



Portada de *Teoría do nacionalismo galego*, editado en Bos Aires con motivo do centenario da fundación das Irmandades da Fala

primeira época de Risco, a do galeguista loitador e comprometido coa cultura do país, o ideólogo da Xeración Nós. Desde que se incorpora ás Irmandades da Fala, xunto a Otero Pedrayo, en 1918, e con Castelao, Losada Diéguez e Arturo Noguerol funda a revista *Nós*, da que chegará a ser director, Risco eríxese no mestre indiscutible da vida cultural galega. Nesta liña de actuación e entrega á causa, foi o director da sección de Etnografía e Folclore do Seminario de Estudos Galegos. Xa en plena Segunda República, desencantado pola orientación esquerdista que tomaba o galeguismo político, e polo seu rexeitamento das ideas marxistas, prodúcese nel un cambio ideolóxico que se evidencia xa na súa obra *Mitteleuropa* (1934), volume no que recolle as crónicas da súa viaxe a Centroeuropa.

A obra narrativa de Vicente Risco ten un carácter fondamente didáctico, consecuencia do seu talante razonador e filosófico, o cal supón unha novidade no panorama literario galego, máis inclinado cara ao folclorismo ou cara á recreación naturalista.

O primeiro relato de Risco, en galego, apareceu en 1919, no xornal *O Noroeste* e titulábase *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*. A este seguiranlle outros moitos ata o ano 1928, entre os que se poden destacar: *A velliña vella*, *O lobo da*

Debuxo obra de Risco. Fundación Vicente Risco



xente, A Coutada, nos que é común o aproveitamento de lendas da tradición oral, así como de contos populares. É este un período no que a súa obra literaria ten unha carga ideolóxica e didáctica moi intensa. Representativo do que escribe nesta etapa é o conto *A velliña vella*, que constitúe unha alegoría didáctica, onde a protagonista, a velliña vella, é unha representación de Galicia, vella e deteriorada, que se atopa abandonada polos galegos e que, para subsistir, ten que apelar aos antepasados porque os vivos non teñen interese en axudala. É un exemplo do concepto que Risco ten da función social aplicable á literatura.

O porco de pé, publicado pola editorial Nós, foi considerada a primeira novela moderna da literatura galega



En 1928 aparece *O porco de pé*, parodia dun comerciante que chega a ser alcalde do seu pobo, e quizá a sátira antiburguesa máis conseguida, onde o grotesco domina toda a acción narrativa, e onde a linguaxe está ao servizo tamén do grotesco e do esperpéntico. O narrador da obra adopta unha actitude distante respecto do que narra; non lle interesa tanto a verosimilitude do relato como a denuncia do que conta. Risco, o autor, pretende así eludir a exposición directa da súa ideoloxía, delegando nese narrador intelectualmente moi distante do narrado. Polo mesmo, podemos dicir que esta obra é,



Vicente Risco (dereita) eríxese como mestre indiscutible da vida cultural galega no primeiro terzo do século XX. Fundación Vicente Risco

sobre todo, unha creación verbal, porque a linguaxe está por encima da trama argumental. Nisto apoiouse a crítica para considerala a primeira novela moderna da literatura galega. Véxase este fragmento:

«Do seu trato coa política, sacou D. Celidonio moito proveito. Chegou a se enteirar de que existían unha sorte de aparatiños, ou cousa así, chamados libros, da feitura dos que tiña na tenda o seu tenedor, mais en troques de teren números escritos á man, tiñan letra de imprenta, igual cós periódicos eses que traen as noticias, e que serven para empaquetar e para outros usos reservados e




O primeiro relato de Risco, en galego, apareceu en 1919, no xornal *O Noroeste.* Imaxe familiar do escritor pertencente á Fundación Vicente Risco

traseiros. E aqueles aparatiños –case todos eran moito máis pequenos cós da tenda– algúns señores refollaban e lían neles como el tiña visto que outros facían tamén cos periódicos. Claro está que había moitos que non os tiñan máis ca por gusto de telos, enringleirados en alzadeiros coma os da súa tenda. Esta foi a súa máis sonada descuberta.

Naturalmente que el tiña visto xa cousas moito mellores, ¡onde se ían comparar! O gramófono e a radio. Aquelas si que eran invencións ben prodixiosas. A radio sobre todo. ¡É unha monada!... Tódolos señores do xeito de D. Celidonio están predestinados a teren un aparello de galena. Como que a radio case se inventou para eles».

Despois da Guerra Civil, Risco publicará algunha obra máis, agora en castelán, como *La puerta de paja* (1953), que foi finalista do Premio Nadal do ano anterior, ou as dúas póstumas, *Gamalandalfa* ou *La verídica historia del niño de dos cabezas de Promonta*, ambas editadas en 1981.


A Vicente Risco
le patriote gallique
hommage de ce vieux
livre d'un barde
d'Armorique.
Jaffrennou Taldir
Carhaix, 1929

Dedicatoria a Risco como «patriota galego». Fundación Vicente Risco



Ramón Otero Pedrayo era un home culto que destacou na literatura e na política do seu tempo. Imaxe pertencente ao arquivo da fundación que leva o seu nome

Ramón Otero Pedrayo 3


A Ramón Otero Pedrayo dedicóuselle o Día das Letras Galegas do ano 1988.

Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976) é unha das persoas de maior envergadura cultural das letras galegas. Fillo de familia fidalga e de ideoloxía liberal, estudou o bacharelato en Ourense e empezou Filosofía e Letras en Santiago de Compostela para terminar a carreira en Madrid, onde tamén sacou a licenciatura en Dereito. Cando regresa a Ourense, é un home culto, coñecedor doutros ambientes e modas literarias. Xuntamente cos seus amigos ourensáns Vicente Risco e López Cuevillas, tratará de inculcar esa pre-

ocupación cultural entre a mocidade da súa cidade. Ingresa con Risco nas Irmandades da Fala, 1918, que é a porta pola que entra de cheo no mundo literario, político e cultural galego. Participou na revista *Nós* e no Seminario de Estudos Galegos. A maior parte da súa produción xornalística e literaria en galego escríbea desde o ano 1920 ata a Guerra Civil. Tamén con Risco é o fundador do Partido Nacionalista Republicano, co que obtén un acta de deputado en 1931 para as Cortes constituíntes. É esta unha faceta á que dedicou unha grande atención e intenso traballo. Cando, máis tarde, este pequeno partido se funde no Partido Galeguista, que aglutinará a distintos grupos nacionalistas do panorama político galego,




Otero Pedrayo e Risco participan na creación do Partido Nacionalista, que se fundiría máis tarde no Partido Galeguista (instantánea do nacemento desta última organización)



Portada de *Arredor de sí*, editada por Galaxia. Fundación Otero Pedrayo

seguirá dentro del a súa actividade política co mesmo entusiasmo, da man doutras preclaras personalidades da cultura do país, como o propio Risco, Castelao e Alexandre Bóveda, entre outros.

Despois da Guerra Civil, a súa vida é moito máis limitada. Apartado da docencia ata 1948, cando recupera a cátedra de Xeografía e Historia no Instituto de Ourense, vivía dedicado ás súas colaboracións en prensa, aos seus estudos e á súa tarefa de creación literaria. En 1950 participa na fundación



Portada da novela *O mesón dos ermos* (edición de 1936). Fundación Otero Pedrayo

da editorial Galaxia e gaña a cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago, onde ensinará ata 1960, ano da súa xubilación docente.

3.1. Obra narrativa

A súa estrea como narrador prodúcese coa novela curta *Pantelas, home libre*, publicada na editorial Lareira en 1925, que é un anticipo dos principais motivos que aparecerán ao longo de toda a súa obra: os fidalgos, a vinculación do

home á paisaxe, o mundo rural e as transformacións socio-políticas do século XX.

A súa obra narrativa pode clasificarse en dous grupos ou subxéneros: as obras de asunto contemporáneo e realistas, e as de temas históricos e de contido cultural. Entre as primeiras están: *Pantelas, home libre* (1925), *Escrito na néboa* (1927) e *Os camiños da vida* (1928). E entre as segundas, *Arredor de sí* (1930), *Fra Vernero* (1934), *A romería de Xelmírez* (1934) e *Devalar* (1935). Deterémonos nas máis coñecidas e importantes de cada grupo.

Otero Pedrayo participou na creación en 1950 da editorial Galaxia. Fundación Otero Pedrayo



A prensa galega na época da Xeración Nós

→ Os autores e intelectuais pertencentes á Xeración Nós enmárcanse no período da Restauración (1875-1923), caracterizado a nivel social e político polo caciquismo, un sistema de control que afecta a todos os mecanismos da vida económica e social que, a excepción dunhas minorías ilustradas, e que se acepta tácita ou expresamente polo pobo.

En España, a prensa é o principal termómetro desta anómala situación. Os xornais máis influíntes, concentrados en torno ao poder político, sitúanse na capital do Estado. Ao mesmo tempo, a prensa en Galicia caracterízase neste período pola súa pluralidade e extensión territorial. Así, das 189 cabeceiras existentes, 45 son xornais locais. Encontrámonos tamén con medios de variada temática: urbanos, políticos, agrarios, obreiros, culturais, satíricos, da emigración, e a importante prensa local, que reflicte a configuración territorial e sociolóxica de Galicia.


EL DIARIO DE PONTEVEDRA

DECANO DE LA PRENSA DE ESTA CAPITAL

CRÓNICA CIENTÍFICA

LA MOSCA

Diario de Pontevedra naceu en 1887 cun carácter liberal

É neste período cando se asentan as bases da gran prensa urbana galega. *Faro de Vigo* (1853) convértese no máis importante diario do sur de Galicia, con 13.000 exemplares. *La Voz de Galicia* inicia a súa andaina en 1882 e *Diario de Pontevedra* aparece en 1887 cun carácter liberal. Estas cabeceiras competiron nesta época con outros rotativos locais, que non resistiron o paso do tempo. Pola súa banda, *El Correo Gallego*, fundado por José María Abizanda e San Martín, dominou durante moito tempo o panorama xornalístico do Ferrol, onde apareceu o primeiro número (1878). Alí permaneceu ata 1938, ano en que foi adquirido pola Editorial Compostela e pasou a publicarse en Santiago. En Ourense, *La Región* apareceu en 1910, mentres que *El Progreso*, fundado por Purificación de Cora, fíxoo en 1908. Hoxe en día continúa en mans da mesma familia.


EL NOROESTE

LA CORUÑA


A GAITA GALLEGA.

MUIÑEIRAS, ALBORADAS E FANDANGOS, UNHA VEZ Ó MES

Director: CHUNIN DE CELTEGOS

A PELENGRINA

Primeiras páxinas de *El Noroeste* e *A Gaita Gallega*

A prensa política foi a máis abundante, tendo a de perfil republicano un grande eco: *El Telegrama*, *El Anunciador*, *Acción Coruñesa* e *Terra Galega*, na Coruña; *El Pueblo*, en Pontevedra; *La Idea Moderna*, en Lugo; e en Ourense, o liberal *El Miño*. Exemplos dos moitos carlistas son *El Porvenir*, en Santiago; *El Eco de Miño*, en Tui; *La Defensa*, en Mondoñedo, etcétera.

O nacionalismo galego, pola súa banda, tivo tamén os seus xornais e revistas; unhas de tipo cultural, como *Nós*, sen dúbida a máis importante de Galicia, outras como a *Revista Galega*, de Galo Salinas, ou políticas, como *A Nosa Terra*. A prensa cultural disputábase a colaboración dos intelectuais máis prestixiosos: Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Lamas Carvajal, Tettamancy ou Cabanillas. Destacan *Vida Galega*, que chegou a tirar 40.000 exemplares, e *Alfar*, na que colaboraron firmas como Borges ou Dalí.

Os camiños da vida (1928) é a súa primeira novela de importancia e está considerada como a primeira de relevancia dentro da literatura galega. Apareceu publicada en tres volumes, correspondentes ás tres partes en que está dividida a obra: *Os señores da terra, A maorazga* e *O estudiante*. A decadencia da fidalguía rural por todas as transformacións que se están producindo na metade do século XIX personifícase en dúas familias linaxudas, os Doncos e os Pugas. Os primeiros, carlistas e conservadores, non se adaptan aos cambios, cousa que si farán os segundos, de ideoloxía liberal. A acción transcorre en Trasouto (Trasalba), Ourense e Santiago.



A Casa museo de Otero Pedrayo emprázase nunha das súas residencias habituais, en Cima de Vila (Trasalba)


Arredor de sí (1930) é unha novela de corte psicolóxico, que relata a viaxe iniciática dun mozo polo complicado percorrido de reencontrarse consigo mesmo. O protagonista, Adrián Solovio, álter ego do propio Otero Pedrayo e dos seus compañeiros do grupo Nós, emprende un percorrido por diversas cidades españolas e europeas, tras o cal regresa a Galicia. Esta é a acción exterior da obra, con aspectos de interese, pero a verdadeira importancia está na acción interior, é dicir, no proceso psicolóxico que vive o protagonista, pois, ao acabar a viaxe, el entende a chamada da terra, comprende os verdadeiros valores da súa raza, e decide entregarse a





Á esquerda, o patriarca das Letras Galegas en Betanzos no 1952. Á dereita, imaxe da súa boda. Arquivo fotográfico da Fundación Otero Pedrayo

eles, a cultivalos e a realzalos. Así, as súas reflexións sobre a españolidade, o europeísmo, o celtismo atlántico, a visión da paisaxe galega e a valoración do idioma constitúen progresivas escalas de achegamento á toma de conciencia dun verdadeiro nacionalista. Cal o Ulises clásico, Adrián Solovio regresa a Ítaca logo dunha viaxe azarosa, pero enriquecedora. Antes era un mozo non integrado na súa terra, con moi pouca estima por toda a súa cultura, con moita admiración, en cambio, polo foráneo. Cando regresa, é un home novo e distinto, máis convencido de cal debe ser o seu labor. A súa viaxe durou nove meses, xusto o tempo que necesita o ser humano para nacer ao mundo desde o momento da súa concepción no ventre materno. O simbolismo é evidente.



Portada da *Guía de Galicia* de Ramón Otero Pedrayo

Outras obras narrativas de Otero Pedrayo posteriores á Guerra Civil son: *Entre a vendima e a castañeira* (1957), *O señorito da Reboraina* (1960) e *O Maroutallo* (1974). Este prolífico escritor, chamado «O patriarca das Letras Galegas», tamén cultivou a poesía e o teatro. Parte da súa obra lírica foi reunida nun volume titulado *Bocarribeira* (1958), e entre



Edición de Galaxia de *O señorito da Reboraina*. Fundación Otero Pedrayo

as súas pezas dramáticas habería que destacar unha traxedia, *A lagarada* (1929), e a comedia *O desengano do prioiro* (1952).

Para ter unha mostra do estilo da súa prosa novelística, vexamos un texto extraído da súa novela *Arredor de sí*:

«Gozaba coas latricadas do señor Bieito de Medelo, particularmente. Era un vello, vivía nunha casiña limpa e terrea nun recuncho, o máis escondido do val entre penedos e piñeiros. Nas

rochas esgrevias aínda vexetaban retortas cepas vellas. Ó pé da casa, baixo un pontillón de laxes usadas, bulía un regueiro, no outono medrado. Traía á ribeira un fresqueiro cantigar da montaña. O home tiña unha fala na apariencia ruda e distante, e nela as verbas perdían individualidade na rexa fábrica das frases. Mais de seguida se advertía a fermosura e o tino das palabras, sinxelas, expresivas, para expresar os momentos decorrentes e fuxitivos da vida e do mundo. Algunhas veces Adrián coidaba oír un baixo latín cheo de mocidade e de futuridade. No comercio cos labregos, o esperto sentido crítico de Solovio aprendeu ben pronto a falsidade dunha afirmación na que el por costume e preguiza, participara: a de ser unha lingua vella, unha ruina, non doada para conter nin fecundar unha idea moderna, impropia para a Técnica e para a Filosofía por exemplo. Pois des que Adrián falaba galego sentía todo o seu ser renovado, non tiña que loitar contra a lingua demasiado feita e traballada que lle impuña unha retórica moitas veces enxoitadora do ceibe nacer do pensamento. Na mesma indecisión había unha garantía de mocidade».



Retrato de Afonso Daniel Rodríguez Castelao (ca. 1918-1920). Arquivo Galaxia

AFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO 4


Á memoria de Castelao dedicouse o Día das Letras Galegas na súa segunda celebración, o 17 de maio de 1964.

Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950), ademais da súa significación política dentro do nacionalismo galego, foi un artista polifacético. Dentro dos seus valores artísticos está o de ser un excelente narrador. A súa obra literaria é abundante, co mérito engadido de ser iniciadora dun camiño de recuperación e afianzamento para a narrativa galega.

A súa biografía está moi relacionada cos avatares políticos e sociais que se experimentaron en Galicia e en España no tempo que lle tocou vivir. Fillo dunha familia humilde, aos nove anos emigra a Arxentina, onde se trasladou o seu pai. Alí, na Pampa, vivirá experiencias que pasaron á súa obra artística e literaria. Regresa aos catorce anos coa súa nai e as súas irmás, estuda o bacharelato por libre e en 1903 matricúlase en Medicina na Universidade de




Ilustración de Castelao titulada *No meu tempo*, pertencente á Colección Caixanova



Imaxe de Castelao nunha estancia en Nova York. Arquivo Galaxia

Santiago de Compostela. Licénciase en 1909, pero apenas exercerá como médico («Fíxenme médico por amor a meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade», diría o propio Castelao). Opta por ingresar no Instituto Xeográfico e Estatístico, e é destinado a Pontevedra, comezando aquí unha etapa de extraordinaria actividade, tanto no terreo artístico (artes plásticas e literatura) como no político e xornalístico, que xa non concluirá nunca: colaborador coas Irmandades da Fala, director artístico da



revista *Nós*, director da sección de Arte do Seminario de Estudos Galegos, deputado na Segunda República polo Partido Galeguista... Durante a Guerra Civil defendeu a causa republicana e os dereitos nacionais de Galicia, expuxo os seus debuxos en Moscova e en Nova York, e ao final da mesma exiliouse en Bos Aires, onde morreu en 1950. Os seus restos foron trasladados a Galicia en 1984, e depositados no Panteón de Galegos Ilustres, na igrexa de San Domingos de Bonaval.



La Voz de Galicia

Galicia viviu unha xornada histórica coa chegada á terra dos restos mortais de Castelao

Primeira páxina de *La Voz de Galicia* do 29 de xuño de 1984, que recolle a chegada dos restos mortais de Castelao, que hoxe repousan en Bonaval (imaxe superior)

Moi unido a Risco e a Otero Pedrayo en iniciativas, ideais nacionalistas e interese pola cultura, con todo Castelao mostra uns trazos que o individualizan respecto dos anteriores: a súa procedencia é máis humilde e popular, e quizais por iso, a súa obra está máis próxima aos gustos e sensibilidades do pobo. O seu profundo humanismo, manifesto tanto nas artes plásticas como na literatura, ten como punto de apoio a súa proximidade ao pobo sinxelo, do que derivará a súa conciencia galeguista, co que iso supón de identificación coa súa terra e coas súas xentes (campesiños, mariñeiros e emigrantes, o 70% da poboación galega no primeiro terzo do século XX).

As primeiras achegas de Castelao ao campo da narrativa serán algúns contos publicados nos primeiros anos vinte, entre os que destaca *Peito de Lobo*. En 1922, na editorial ferrolá Céltiga, publicará a obra *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, unha novela curta formada por unha sucesión de feitos xuxtapostos. Apréciase aquí xa a súa preferencia polo relato curto, a influencia visible da narración oral, e o seu sentido do humor. Vexamos este fragmento:

«Instes días hai moitos enterros. Non sei si haberá andacio, pois revolución non debe habela coa cobardía que teñen os vivos. Cicáis haxa folga de médicos, aunque non coido que os médicos poidan evitar a mortandade.
A carón de mín enterraron ún e para saír de dúbidas petéille na súa caixa.
-¿Hai andacio na cibdade?
-¡Eu que sei! –respondeume unha voz coma se saíse por unha boca chea de papas (Debe ter xa podre a lingua).
¿E logo vostede non sabe de qué morréu?
-¿Eu? ¡Eu pegueime un tiro!
Déronme ganas de rir, pero non puden. Os esqueletes non rin a cachón. O bandullo é a fonte de gargallada e sen bandullo non pode habere gargallada».

Caricatura do intelectual de Rianxo. Arquivo Galaxia



Os primeiros galegos na Arxentina

→ Aínda que foi prohibida en 1836 e só autorizaban a pasaxe a Cuba, Porto Rico e Filipinas, a emigración a Arxentina existiu con carácter clandestino. O fluxo cara o país americano iniciouse en 1845 coa firma comercial Llavallol e Fillos e na Constitución arxentina de 1853 fomentábase a inmigración europea. A Lei de Inmigración e Colonización de 1876 regulou a entrada masiva de emigrantes galegos que chegarían a partir de 1880 xunto con vascos, asturianos e cataláns.

Diversas causas contribuíron ao aumento da emigración: a introdución da navegación a vapor, as políticas das repúblicas americanas que favorecen a entrada de emigrantes, a irrupción de fortes compañías navieiras inglesas, francesas e alemás no negocio, e a comunicación epistolar cos que xa emigradan. As condicións nas que os galegos realizaban a viaxe cara á América, en xeral desde Ferrol, A Coruña ou Vigo, eran terribles. Moitos levaban o manual que preparaban os gobernos para orientar aos futuros colonos acerca do que sería a viaxe, a

chegada e a posterior vida nun país estraño: como sacar un boleto, conseguir emprego, coidarse dos estafadores. Aconsellaban non quedar en Bos Aires, porque lonxe dos centros urbanos habería maiores probabilidades de facer fortuna. Os pasaxeiros, coa súa documentación arxentina, encontrábanse cos seus familiares ou empregadores. Os que non tiñan coñecidos na nova terra aloxábanse no Hotel

Postal escrita desde Bos Aires con data de 1911. Arquivo do Reino de Galicia





do Emigrante e agrupábanse por procedencias. Os galegos dedicáronse preferentemente aos servizos, comercio e profesións liberais. Agrupábanse en confrarías, unión que deu pé a asociacións importantes e tivo que ver co nacemento do centro galego O Eco de Galicia, fundado por José María Cao Luaces en 1892. Este foi o órgano dos residentes galegos en Arxentina e antecedente da fundación do Centro Galego de Bos Aires. Outros galegos viviron nos conventiños, onde se compartían os baños, as letrinas, a cociña e os lavadoiros. Moitos intelectuais ilustres foron fillos deses primeiros emigrantes á Arxentina, como Castelao, Luís Seoane, Emilio Pita, Lorenzo Varela, Blanco Amor ou Rafael Dieste.*



Edificio social do Centro Galego en Bos Aires







Ilustracións de Castelao tituladas: *Razones*, *A escola é boa* e *Ben fan as cousas cando queren* (de esquerda á dereita). Colección Caixanova

Ademais, combinado sabiamente co humorístico, é característico de Castelao o carácter lírico e sentimental das súas narracións. Todo iso confirmarase na seguinte obra, *Cousas*, que é a que lle dá popularidade como escritor. Son 44 relatos, publicados na prensa da época (*A Nosa Terra*, *Galicia* e *El Pueblo Gallego*) e as revistas *Nós* e *Céltiga*. A primeira recompilación fíxoa o autor para a editorial Lareira, en 1926, e a segunda, en 1929 para o selo Nós. Nestes contos, a temática parte sempre da interpretación real de Galicia (a emigración, o mundo da muller, o mundo mariñeiro, o campesiño...), cunha axeitada correlación entre o texto e o plano gráfico que o acompaña. Un axuda a situar adecuadamente e a entender ao outro. A combinación resulta tan eficaz que poderiamos falar dun xénero novo, renovador e fecundo, que ten en



Xesús Canabal, Castelao e Manuel Meilán, en Montevideo. Arquivo Galaxia

Castelao ao seu iniciador e principal representante. Como exemplo deste tipo de prosa e do concepto temático que encerra, vexamos un dos capítulos, é dicir, unha cousa:

Chámanlle a «Marquesiña» e os seus peíños endexamais se calzaron.

Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a «Marquesiña».

Non foi á escola por non ter chambra que pór, e chámanlle a «Marquesiña».

Non probou máis lambetadas que unha pedra de zucre, e chámanlle a «Marquesiña».

A súa nai é tan pobre que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E aínda lle chaman a «Marquesiña»!

Retrincos (1934), publicado na editorial Nós, contén cinco contos autobiográficos, precedidos dun prólogo en que confesa a veracidade dos feitos narrados. Escritos ao longo de vinte e cinco anos –nalgúns casos existen versións anteriores publicadas na prensa–, o libro compóñeno os seguintes contos: *O segredo, O inglés, Peito de lobo, O retrato* e *Sabela*. A infancia, a mocidade e





Portadas de *Cousas* (1926) e *Retrincos* (1934), dúas compilacións de relatos cortos



Os dous de sempre é a única novela escrita por Castelao. Arquivo Galaxia

episodios da súa actividade como debuxante e como médico aparecen recollidas como anécdotas argumentais destes relatos.

Tamén no ano 1934 apareceu a única novela de Castelao, *Os dous de sempre*. Nela cóntanos as vidas antitéticas dos dous protagonistas, Rañolas e Pedro, dous amigos desde a infancia, con dúas personalidades opostas e tamén dúas formas distintas de afrontar a existencia. O primeiro simboliza a actividade e a insatisfacción; aínda que pobre e discapacitado, é agudo, intelixente e emprendedor, pero que acabará suicidándose. O outro, Pedro, simboliza a pasividade e o conformismo. Paradoxalmente, será o pasivo e conformista quen acabe atopando un lugar na vida, fronte á inadaptación dramática do outro. A obra articúlase en 44 capítulos, contada por un narrador omnisciente que intervén no relato para comentar aos lectores determinados aspectos da narración.

Vista no seu conxunto, a obra narrativa de Castelao aséntase sobre dous alicerces sólidos: o humor e o lirismo. Pouco propenso á descrición, a súa arte narrativa apóiase nesa lingua natural e sin-

xela que emprega, tan próxima á narración oral, que cos seus elementos rítmicos mantén o ton emotivo que o autor busca. Ademais, o humor se estiliza en lirismo cando se achega aos personaxes máis desfavorecidos e humildes, o que axuda a aproximalos ao lector. En cambio, o sarcasmo e a caricatura afíanse para provocar o distanciamento ante destacados personaxes do mundo opresor e caciquil. Hoxe pódese dicir que a súa obra literaria está plenamente recoñecida e Castelao é considerado como un dos valores máis sólidos da literatura galega.

Estatua que recorda a Castelao en Pontevedra



Pero se importante é a súa obra narrativa, non o é menos a súa achega gráfica, anterior e posterior á Guerra Civil, como *Cincuenta homes por dez reás* (1931), *Galiza mártir e Atila en Galiza* (1937), *Milicianos* (1938) ou *Cousas da vida* (1961-1971). O mesmo humanismo e a mesma conciencia do galego son os alicerces dos seus debuxos, auténticas radiografías da realidade galega, que se moven entre o humor, a denuncia e o drama.



Rafael Dieste en Nova York. Arquivo da Real Academia Galega

RAFAEL DIESTE 5


O 17 de maio de 1995, Día das Letras Galegas, estivo dedicado á memoria de Dieste.

A súa vida, xa desde moi pronto, transcorre por diversos lugares do mundo. Rafael Dieste (Rianxo, 1899-1981) emigra a México aos dezaséis anos, aínda que regresa pronto a Galicia. A viaxe anima a súa curiosidade cultural, o que, unha vez aquí, levaralle a contactar co mundo da cultura galeguista. Marcharase a Marrocos, como soldado, a participar na guerra do 21. Volve a Vigo, onde comezará a súa actividade xornalística e literaria e onde publicará a súa obra *Dos arquivos do trasno* (1926). Estará en Londres, volverá a Santiago a vivir a súa formación

autodidacta e acabará en Madrid, onde se vai a enrolar nas Misións Pedagóxicas, que trataban de estender, nos anos da Segunda República, a cultura por toda España. Estará en Bélxica e Francia, bolseiro polo Goberno, para estudar o teatro que se estaba facendo por alá. Tras a Guerra Civil ten que exiliarse. Vaise a Bos Aires e alí participa activamente en actividades culturais, traballando con outros intelectuais galegos, como Luís Seoane e Lorenzo Varela. Estivo tamén en México como lector de español e profesor de Literatura. Volveu a Galicia a principios dos anos sesenta e foi nomeado membro da Real Academia Galega en 1970. Morreu en Rianxo en 1981.

Rafael Dieste participando na ofrenda floral ante a tumba de Xoán Vicente Viqueira en San Xoán de Ouces (Bergondo) en 1974, con motivo do Día das Letras Galegas. Arquivo RAG





Dos arquivos do trasno (1926) está considerada a maior achega á modernidade narrativa galega

A obra en galego de Rafael Dieste non é abundante, pero a súa orixinalidade e a súa calidade outórganlle un papel moi importante dentro das letras galegas, ás que enriqueceu con achegas novas e renovadoras, moi na liña de todos os desta época Nós. Non coincide con eles, con todo, nalgunhas formulacións nacionalistas, xa que Dieste procura harmonizar o galeguismo co proxecto dunha España progresista, construída sobre unha base federal.

A súa maior contribución á modernidade da narrativa galega é a súa obra xa citada *Dos arquivos do trasno* (1926), unha colección de vinte con-

tos –na súa edición definitiva de 1973, pois a de 1926 recollía só oito relatos–. No prólogo, o autor, en forma de aforismos, recolle toda unha teoría do conto: a primeira reflexión sobre este xénero que se fai no campo da teoría literaria galega. Son seis máximas que convén coñecer:

- A unidade emotiva consíguese no conto pola ousesión do que ten de sobrevivir.

- O remate ha de te-la virtú de faguer simultáneas no esprito as imaxes que foron sucesivas.

- A presenza do remate debe estar atafegada, pero latexando con forte resonancia en tódolos currunchos do relato.

- O remate é unha imaxe que fai estoupalo conto nas verbas derradeiras, despois de inzalo poderosamente.

- O conto é unha pelica na que se sinte o pulso dunha imaxe contida.

- O conto é o remuiño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas, todas mergulladas na mesma luz.

Seguindo, máis ou menos fielmente, este canon na redacción dos seus contos, Dieste consegue que *Dos arquivos do trasno* sexa un libro con modernas innovacións na prosa narrativa, especialmente no que concerne á ambientación dos contos no mundo da fantasía e do real marabilloso, que impide, ás veces, delimitar o mundo real do fantástico. Sen dúbida, un anticipo do que anos máis tarde, e como efecto do boom da narrativa hispanoamericana, coñeceríase como realismo máxico. A súa concepción da realidade contempla o marabilloso como un estamento máis da mesma, non como unha fractura. Con todo, os temas tratados pódense encadrar dentro da máis acentuada tradición literaria galega. Así, os contos viran ao redor da morte, o terror, a emigración, o desarraigamento do emigrante que retorna logo de anos, a dignidade, a ilusión do vivir diario... Moitos contos presentan un verniz máxico e misterioso, pero sen perder de vista unha percepción realista do mundo e da vida. Ao final, o fantástico difumínase en beneficio dunha explicación máis lóxica dos acontecementos. Son finais abertos que deixan no lector unha incerteza sobre esas experiencias extraordinarias.

Algunhas das narracións de *Dos arquivos do trasno* recordan *Cousas*, de



Monumento na honra de Dieste, en Rianxo



Rafael Dieste, no 75.° aniversario da Real Academia Galega no cemiterio de San Amaro, na Coruña (1981)

Castelao, aínda que Dieste se distancia máis do tema e asunto dos seus contos, sempre cunha reflexión sobre o poder da imaxinación ou da natureza misteriosa do ser humano e das cousas.

Dentro das técnicas narrativas que emprega destacan a do encaixe (inclusión dun conto dentro doutro), a mirada retrospectiva, o recorrer aos oíntes, como na tradición oral, o gusto polos ambientes tabernarios, a preferencia polo narrador en primeira persoa e o ton confidencial, así como un discurso sinxelo, apropiado para o ambiente humilde e íntimo dos contos.


Sen dúbida, Dieste contribuíu en gran medida ao esplendor literario que se vive na literatura galega desta época. O seu estilo elegante e a riqueza da lingua que emprega tamén axudaron á modernización do conto galego.

Rafael Dieste, precursor do realismo máxico

→A expresión realismo máxico foi inicialmente usada polo crítico de arte alemán Franz Roh para describir unha pintura que demostraba unha realidade alterada e chegou á España en 1925 da man da *Revista de Occidente*. Polo tanto, procede das artes plásticas, como reacción ao realismo dos impresionistas e a fantasía dos expresionistas para pintar cousas ordinarias con ollos marabillados. Esta tendencia defínese como a preocupación estilística e o interese de amosar o irreal ou estraño como algo cotián e común. Non é unha expresión literaria máxica, pois a súa finalidade non é a de suscitar emocións, senón máis ben expresalas como actitude fronte á realidade. Nas novelas do realismo máxico están sempre os elementos fantásticos percibidos polos personaxes como normais, os intuitivos, pero nunca explicados, as representacións de mitos e lendas, a multiplicidade de narradores co fin de darlle distintos puntos de vista a unha mesma idea e así maior complexidade ao texto.

Falar de realismo máxico nun escritor español parece non cadrar porque durante as tres últimas décadas o seu uso vén asociado á literatura hispanoamericana. Non obstante, Rafael Dieste foi un dos seus iniciadores hispánicos e un dos seus mellores cultivadores. A primeira manifestación foi no seu libro *Dos arquivos do trasno*, de 1926, en galego. Máis tarde Dieste marcharía ao exilio a Arxentina, e alí, a súa segunda incursión narrativa nesta modalidade foi con *Historias e invenciones, de Félix Muriel*, de 1943, obra moi eloxiada pero que non tivo os apoios da crítica quizais porque nesa mesma época Jorge Luis Borges tamén escribía relatos repletos de elementos máxico-realistas.

O realismo máxico quere crear a ilusión de irrealidade, escapándose da natureza, pero non chega a ser fantástico. Tamén Francisco Ayala, en 1929, coa súa obra *El boxeador y un ángel*, amosa unha nova retórica, con axilidade verbal, xogos de



palabras e metáforas expresivas sobre un suceso que pode ser imaxinado. É a época así mesmo das vangardas, dos ismos.

En *Dos arquivos do trasno*, Dieste mestura a fantasía fabuladora co realismo do agro galego

Rafael Dieste, en *Dos arquivos do trasno*, mestura a fantasía fabuladora co realismo do agro galego. Un antecedente disto podería ser a negra sombra de Rosalía de Castro, ou o demoníaco dalgunhas creacións de Valle-Inclán. Polo tanto, os antecedentes do realismo máxico de Rafael Dieste hai que buscalos na súa Galicia natal, nas tradicións e supersticións, as meigas, os trasnos, a mitoloxía celta, e mesmo, gustaba de recrear situacións de terror. Tanto Dieste como Borges deixaron unha fonda pegada na súa xeración literaria e nas seguintes, como en García Márquez con *Cien años de soledad*, ou en Cortázar.*




XACOBEO 2010
Galicia


XUNTA
DE GALICIA

